

---

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA CORUÑA CELEBRADA O XOVES, DÍA 23 DE OUTUBRO DE 2017**

---

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 13:20 horas do luns día 23 de outubro de 2017 coa seguinte orde do día:

1. Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola

**ASISTEN OS SRES:**

**PROFESORES**

Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Galán Díaz	Juan José
Herrador Barrios	Manuel F.
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M <sup>a</sup> Isabel
Orro Arcay	Alfonso
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

**ESTUDANTES**

Álvarez Espiñeira	Kevin
Benavides Cabezas	Iván
Pazos Taboada	Damián
Vázquez Varela	Miguel Ángel

**PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Cruz Viqueira	M <sup>a</sup> Pilar
---------------	----------------------

**EXCUSA**

Baldomir García	Aitor
-----------------	-------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

**1. Comisión de estudo e análise estratéxico da Escola**

O director explica que hai un interese para que exista unha comisión que estudie a estratexia a medio e longo prazo. Explica que o número de estudantes é baixo. Tamén explica a situación da imaxe e a proxección da Escola de cara á sociedade. Explica tamén como se dan a coñecer as actividades que se fan na Escola. Expón tamén como se tratan os títulos e as alianzas con outros centros.

Trata a continuación as funcións que debería ter esta comisión de estudo e análise estratéxico da Escola. Esta comisión de traballo, de carácter consultivo, terá como obxectivos esenciais o estudo e análise da estratexia académica da Escola, da estratexia de promoción e difusión da Escola e da estratexia de relación co entorno social e profesional. Detalla un pouco máis os temas a tratar pola comisión: Estratexia académica, análise da situación, tanto en Galicia como no resto do estado. Estudar como se poderían establecer alianzas tanto españolas como internacionais; e na imaxe e difusión da Escola, fanse moitas actividades tanto docentes como de investigación, sen embargo, teñen pouca penetración as cousas que se fan e que se poderían explotar e proxectar cara a sociedade.

Intervén o estudante Damián Pazos, consultando se se podería montar un acordo para facer mobilidades para os graos ou mestrados.

Intervén o profesor Fernando Martínez preguntando se sería consultiva a comisión. O director resposta que si, que o obxectivo sería de análise e estudo da situación.

O director indica que haberá outra reunión da Comisión Permanente onde se valore a proposta que se produza a raíz desta reunión.

Intervén o profesor Alfonso Orro, indicando que é unha idea moi positiva. Indica que debería non ter unhas funcións limitadas. Respecto á xestión de documentación, propón que se distribúa a toda a escola para recadar ideas. Propón que non sexa representativa por áreas. Que estean todos os profesores que manifesten a súa intención, estudantes de todas as titulacións e tamén o persoal de administración e servizos.

Intervén o profesor Fernando Martínez. Indica que se trata dunha comisión consultiva e que vai a dar traballo e que ve positivo que haxa xente que teña interese.

Establécese un debate sobre como organizar esa comisión e cantas persoas deberían compoñela.

Decídese que o director envíe un correo aos membros da Xunta de Escola invitando aos interesados a participar con fin de saber o número de persoas interesadas. Unha vez se coñeza, convocarase de novo á Comisión Permanente para estudar a composición.

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 14:30 do 23 de outubro de 2017.

**Vº.Bº.**  
**Ignasi Colominas Ezponda**  
**Director**

**Diego Carro López**  
**Secretario Académico**